



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 479

VIII legislatura

27 de maio de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

– Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia [08/PL-0025 (63386)] [144107](#)

– Rexeitamento das emendas á totalidade de devolución, formuladas ao Proxecto de lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira [08/PL-0026(64031)] [144107](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

- 08/MOC-0111(64786)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e dous deputados máis

Sobre a paralización ou o atraso das obras de construción da vía de alta capacidade da Costa Norte ao seu paso polas comarcas de Ferrol-Eume-Ortegal e a Mariña luguesa, e o cumprimento dos prazos establecidos. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 59707, publicada no BOPG núm. 416, do 23.02.2011, e debatida na sesión plenaria do 03.05.2011) [144107](#)

- 08/MOC-0112(64822)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa a actuación e dirección da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 60226, publicada no BOPG núm. 421, do 02.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 03.05.2011) [144107](#)

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNP-0998 (58979)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre a elaboración dun rexistro do persoal que presta servizos nos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia [144107](#)

- 08/PNP-1142 (63515)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e dous deputados máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado dunha estratexia para garantir unha axuda transitoria para as rexións que abandonan por primeira vez o obxectivo de converxencia no próximo período de programación comunitaria a partir do ano 2014 [144108](#)

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNP-1065 (61148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da planta de Clesa no concello de Caldas de Reis e as súas repercusións no sector lácteo [144108](#)

- 08/PNP-1149(63645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o recoñecemento dun novo status político-institucional para Galicia en materia de pesca [144108](#)

- 08/PNP-1151(63660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a axilización da contratación pola empresa pública SEAGA das brigadas para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais [144109](#)

- 08/PNP-1189(64715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia de plans específicos de bolsas para desempregados que decidan iniciar estudos regrados, así como para propiciar o retorno ao sistema educativo dos menores de vinte e cinco anos en situación de desemprego [144109](#)

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 466, fascículo 1, do 9 de maio de 2011, do Prego de prescricións técnicas da contratación administrativa de servizos para a prestación do servizo de prevención alleo para a Administración do Parlamento de Galicia [144109](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

– **Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia [08/PL-0025 (63386)]**

– **Rexeitamento das emendas á totalidade de devolución, formuladas ao Proxecto de lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira [08/PL-0026(64031)]**

O Pleno do Parlamento, na reunión do 24 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0025 (63386)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia

BOPG núm. 444, do 05.04.2011

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/PL-0026(64031)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

BOPG núm. 457, do 26.04.2011

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 12 votos a favor, 38 votos en contra e 25 abstencións.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

O Pleno do Parlamento, na reunión do 24 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/MOC-0111(64786)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e dous deputados máis

Sobre a paralización ou o atraso das obras de construción da vía de alta capacidade da Costa Norte ao seu paso polas comarcas de Ferrol-Eume-Ortega e a Mariña luguesa, e o cumprimento dos prazos establecidos. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 59707, publicada no BOPG núm. 416, do 23.02.2011, e debatida na sesión plenaria do 03.05.2011)

BOPG núm. 467, do 10.05.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0112(64822)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa a actuación e dirección da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 60226, publicada no BOPG núm. 421, do 02.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 03.05.2011)

BOPG núm. 467, do 10.05.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 24 de maio de 2011, adoptou o seguinte acordo:

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 08/PNP-0998 (58979)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre a elaboración dun rexistro do persoal que presta servizos nos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG núm. 411, do 16.02.2011

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que elabore un rexistro do persoal que presta servizos nos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia"

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 24 de maio de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación con modificacións

- 08/PNP-1142 (63515)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e dous deputados máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado dunha estratexia para garantir unha axuda transitoria para as rexións que abandonan por primeira vez o obxectivo de converxencia no próximo período de programación comunitaria a partir do ano 2014

BOPG núm. 450, do 13.04.2011

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 61 votos a favor, ningún voto en contra, e 11 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

"1.- O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o impulso, conxuntamente coas comunidades autónomas, dunha estratexia definida dirixida a garantir unha axuda transitoria par as rexións que abandonan por primeira vez o obxectivo converxencia no

próximo período de programación comunitaria que se abre a partir de 2014.

2.- A Xunta de Galicia comparecerá no Parlamento no actual período de sesións para informar das prioridades de financiamento cos fondos Phasing-Out para o período financeiro comunitario 2014-2020.

3.-A Xunta de Galicia presentará no Parlamento, unha vez aprobadas as perspectivas financeiras europeas e os regulamentos dos fondos estruturais, o documento coas prioridades galegas para a súa inclusión no Marco Comunitario de Apoio."

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

O Pleno do Parlamento, na reunión do 24 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNP-1065 (61148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da planta de Clesa no concello de Caldas de Reis e as súas repercusións no sector lácteo

BOPG núm. 427, do 10.03.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1149(63645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o recoñecemento dun novo status político-institucional para Galicia en materia de pesca

BOPG núm. 453, do 18.04.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 11 votos a favor, 38 votos en contra e 23 abstencións.

- 08/PNP-1151(63660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a axilización da contratación pola empresa pública SEAGA das brigadas para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais

BOPG núm. 453, do 18.04.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1189(64715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia de plans específicos de bolsas para desempregados que decidan iniciar estudos regrados, así como para propiciar o retorno ao sistema educativo dos menores de vinte e cinco anos en situación de desemprego

BOPG núm. 467, do 10.05.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 466, fascículo 1, do 9 de maio de 2011, do Prego de prescricións técnicas da contratación administrativa de servizos para a prestación do servizo de prevención alleo para a Administración do Parlamento de Galicia

Advertido un erro material na publicación do Prego de prescricións técnicas da contratación administrativa de servizos para a prestación do servizo de prevención alleo para a Administración do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección:

Na páxina 141731, no apartado 4 da cláusula II:

“- Onde di:

O servizo de rehabilitación efectivamente prestado será facturado, de xeito trimestral, pola mutua, por un prezo máximo de 18 euros/hora, IVE engadido.

- Debe dicir:

O servizo de rehabilitación efectivamente prestado será facturado, de xeito trimestral, polo adxudicatario, por un prezo máximo de 18 euros/hora, IVE engadido.”

Santiago de Compostela 25 de maio de 2011.

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727